

# BASES DO XIX PREMIO DE INVESTIGACIÓN XESÚS FERRO COUSELO

## 1ª Modalidade:

### ■ TEMA

Traballo de investigación, de ámbito galego, dentro da especialidade da etnografía, paleografía, numismática, arqueoloxía, historia e historia da arte.

### ■ PARTICIPANTES

Poderán participar neste Premio todos os autores de calquera nacionalidade, cunha ou máis obras, sempre que estean escritas en lingua galega, sexan inéditas e non teñan obtido ningún premio anteriormente.

### ■ EXTENSIÓN

A extensión das obras será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 300.

### ■ PREMIO

O Premio estará dotado con 4.000 euros.

## 2ª Modalidade:

Convócase 1 bolsa de estudos para proxectos centrados en Estudos Históricos, Etnográficos ou sobre persoeiros do Concello de Valga.

Os participantes terán que presentar un guiión razoado, onde se detallará:

- Os obxectivos que se pretenden acadar co traballo.
- A metodoloxía que se vai empregar.
- As distintas fases de realización do traballo coa temporalización de cada unha das fases.

Esta bolsa estará dotada con 3.000 euros. O 25% da bolsa entregárase unha vez fallado o premio e o 75% restante ao remate de dito traballo.

O xurado fará un seguimento continuado do desenvolvemento do traballo premiado podendo anular en calquera momento a concesión da bolsa se non se cumpren as fases de realización ou os obxectivos presentados.

## Bases comúns a ámbalas dúas modalidades:

### ■ PRESENTACIÓN

Entregaranse orixinais e cinco copias, en tamaño folio, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos teñen que presentarse baixo lema, que tamén figurará no exterior da plica onde se incluírán o nome e apelidos, enderezo, teléfono do autor e título da investigación.

### ■ ENVÍO

Os traballos dirixiranse ao

*Rexistro de Entrada do Concello de Valga  
Avda. da Coruña, nº 14  
36645 Valga (Pontevedra)*

### ■ PRAZO DE ENTREGA

Ata o día 15 de xuño de 2018.

### ■ XURADO

O xurado estará constituído por cinco especialistas no campo da investigación, designados pola Comisión de Cultura do Concello, que se reservará para si a Presidencia e a Secretaría. O Secretario terá voz, pero non voto. Este xurado farase público nos medios de comunicación.

### ■ FALLO

Os fallos finais nas dúas modalidades daranse a coñecer na última semana de xullo de 2018.

### ■ PUBLICACIÓN

O Concello de Valga resérvase o dereito da publicación.

### ■ FINAL

O xurado, se o considera pertinente, poderá dividir o premio, concedéndolle como máximo a dúas obras. Poderá declararse deserto, sempre que os traballos non acaden a calidade desexable.

As obras premiadas quedarán en poder do Concello de Valga. As non galardonadas poderán ser retiradas persoalmente polos seus autores no prazo dun mes a partir do fallo do xurado.

A Comisión Informativa de Cultura do Concello estará facultada para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir da interpretación destas Bases.

O feito de concursar obriga aos autores a aceptar as bases desta convocatoria.